

**INSTRUCCIÓN**s que se deben ter en conta para presentar os datos correspondentes á producción científica do ano 2012.

Para profundar na política de responsabilidade social, este ano tampouco se requirirá que os departamentos/institutos/centros singulares envíen a documentación xustificativa das contribucións rexistradas na aplicación informática. A Oficina de Investigación e Tecnología levará a cabo unha comprobación por mostraxe da veracidade dos datos rexistrados, para o que poderá solicitar, no momento que estime oportuno, dalgúns departamentos/institutos/grupos de investigación a xustificación correspondente aos méritos rexistrados.

No caso de que na verificación se detectasen méritos rexistrados para os que non exista documentación xustificativa, a USC procederá a deducir, do importe da producción científica do ano seguinte, o 300% da cantidade que lle correspondería ao PDI, grupo ou grupos de investigación implicados por cada ítem non xustificado.

No caso da xustificación de publicacións non periódicas (libros) a Vicerreitoría de Investigación e Innovación poderá solicitar dos autores que recaben, e posteriormente remitan á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, unha carta da editorial correspondente na que figuren os seguintes datos:

- Nome e CIF da editorial
- Sede Social
- Nome do editor ou representante do Consello editorial encargado da edición do libro en cuestión. Datos do contacto do editor: Telf. e dirección de correo electrónico.
- Breve descripción do proceso editorial seguido co libro en cuestión.

Ademais deberá ter en conta que:

1.- Valoraranse **exclusivamente actividades de investigación**. Exclúense actividades docentes ou divulgativas e expresamente as especificadas na folla de puntuación das principais actividades científicas.

2.- Non se valorarán as contribucións nas que o asinante faga constar exclusivamente a súa pertenza a unha **institución diferente da Universidade de Santiago de Compostela**. As publicacións deben estar vinculadas ao departamento/instituto/estación biolóxica/centro singular ademais da USC, e non a laboratorios, servizos, unidades, etc., xa que a axuda á investigación desta Universidade distribúese a través destes órganos.

Cando debido ás normas de publicación exista a imposibilidade de que na contribución se reflicta a pertenza dalgún ou de todos os autores a un departamento/instituto/estación biolóxica/centros singular, etc, valorarase dito ítem cando se xustifique documentalmente esa imposibilidade. Neste suposto será a Vicerreitoría con competencias en investigación que, con carácter previo, e sempre antes do remate do prazo de gravación de datos a que autorizará a gravación de dito ítem.

3.- A dirección do departamento/instituto/estación biolóxica/centro singular deberá criba-las actividades que sexan realizadas por varios dos seus membros, evitando así a **duplicidade de traballos presentados**, xa que o que se está a valorar é a investigación realizada por un departamento/instituto/estación biolóxica/centro singular, e non a individualizada por cada profesor.

4.- Os **institutos de investigación/estacións biolóxicas/centros singulares** que queiran acollerse á Axuda por Producción Científica deberán ter en conta que non poden presentar aquelas actividades científicas xa incluídas nos departamentos.

5.- A gravación feita nas secretarías dos departamentos/institutos/estacións biolóxicas /centros singulares debe ser **revisada polo director**, ou persoa cun criterio científico designada para supervisar o proceso. A valoración é automática, e a supervisión e decisión de onde situar cada contribución non pode recaer no administrativo da secretaría, polo que, se precisa unha implicación directa da dirección no proceso de remisión das actividades de investigación xa que esta ten efectos en dous aspectos moi importantes para o dpto./inst/estacións biolóxicas/centros singulares:

a) PUNTUACIÓN que se asigna en función da gravación feita nos dptos./insts./estacións biolóxicas/centros singular, polo que os errores cometidos tanto na introdución dos datos como na clasificación de traballos prexudican ao conxunto dos membros deste.

b) PUBLICACIÓN dos datos recollidos na aplicación que son divulgados con posterioridade é remitidos aos centros desta universidade, así como a outros centros de investigación españoles; polo tanto solicitamos que no proceso de gravación se manteña a uniformidade á hora de introducir os datos, buscando así que a futura publicación acade un aspecto o máis homoxéneo posible.

6.- Nas actividades deben cubrirse tódolos datos solicitados e subliña-los membros que pertencen ó departamento, sendo imprescindible que se cubra tanto o campo de número de autores totais como o número dos que pertencen ó dpto./inst./estación biolólica/centro singular. Este dato, gravado posteriormente polo administrativo na aplicación informática, é de suma importancia xa que senón a aplicación da Producción Científica PC non valora esta actividad.

#### NOTAS DE INTERESE

- Valoraranse as solicitudes dos proxectos de investigación que figuren nas bases de datos da Vicerreitoría de Investigación e Innovación.
- As fichas de valoración, listas de usuarios así como a información relativa a este proceso atópanse na páxina Web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación.
- Para resolver calquera incidencia de índole informática deberá poñerse en contacto con CAU (55555).

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2013  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación